

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA PARA A MELLORA COMPETITIVA DAS EMPRESAS DO MAR NO ANO 2026

En Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, dona Marta Villaverde Acuña, conselleira do Mar, nomeada polo Decreto 35/2025, do 4 de xuño, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra, D. Andrés Rodríguez Gómez, en representación da Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA), CIF G27407212, coas facultades recoñecidas na Resolución do 14 de xullo de 2023 pola que se inscribe a xunta directivada ASOCIACIÓN CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA.

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola é un dos principais motores da economía galega que sitúa a Galicia, pola riqueza da súa produción, como a primeira das comunidades pesqueiras da Unión Europea

SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do



Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

Neste sentido a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

TERCEIRO:

O Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) é unha organización plurisectorial que artella a estrutura organizada do sector alimentario galego, en senso amplo, con empresas, entidades de investigación e innovación e outras organizacións, integrándoos en procesos de cooperación. O liderado do Clúster Alimentario de Galicia baséase en transformar visións e plans en accións, atopando os medios e a enerxía para desenvolver novas ideas, coa sofisticación de estratexias empresariais, e creando solucións prácticas aproveitando as oportunidades para abordar o reto de mellorar a posición competitiva dos seus asociados, co conseguinte incremento da rendibilidade de xeito sustentable.

Que por canto a Consellería do Mar e o Clusaga están interesados na potenciación do sector da pesca e da acuicultura, buscando mellorar a competitividade das empresas, e considerando que a capacitación para a dirección e internacionalización pode desempeñar un papel clave na mellora desta, procuran avanzar conxuntamente no desenvolvemento de accións de innovación, internacionalización e certificación.

Que en canto que o Clusaga é a única agrupación do sector de alimentación en Galicia capacitada para executar o investimento inmaterial obxecto deste convenio de colaboración e que o programa de análise de internacionalización e capacitación empresarial Competemar é unha actuación única promovida polo propio Clusaga, non sería posible promover a concorrencia competitiva con outras asociacións do sector.



CUARTO:

O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, establece no seu artigo 3 que o FEMPA contribuirá á aplicación da PPC e da política marítima da Unión, tendo entre as súas prioridades a de fomentar as actividades sustentables de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión (Prioridade 2).

No artigo 26 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139 establécese que o apoio no marco desa prioridade 2 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 de Regulamento (UE) 1380/2013, por medio da consecución de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopan o de promover a comercialización, a calidade e o valor engadido dos produtos da pesca e da acuicultura.

O programa "Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura: Programa para España" contempla, de cara a acadar o obxectivo específico 2.2 a través da "mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas", apoiar accións de promoción, apertura de novos mercados e consolidación dos xa existentes. En concreto, contéplase apoiar operacións consistentes en campañas de comunicación e promoción dos produtos e a actividade de pesca sostible, a organización e participación en feiras, congresos, eventos, seminarios e exposicións, promoción de produtos con dificultades para a súa introdución nos mercados, así como proxectos de análise que sirvan para avaliar e planificar a dirección e impacto das campañas de promoción dos produtos e as actividades da pesca e a acuicultura, de cara a busca de novos mercados.

Deste xeito o Programa céntrase na mellora competitiva no sector mar-alimentario implicando unha estratexia integral que abranga diversos aspectos, dende a mellora da eficiencia operativa ata consolidar a introdución no mercado. O desenvolvemento con éxito deste programa pode conducir por tanto a unha mellora significativa na competitividade das empresas participantes.



Polo tanto, o obxecto do presente convenio considérase que cumpre cos requisitos de elixibilidade establecidos no Programa Operativo do FEMPA 2021-2027 de España.

Así mesmo, consideraranse elixibles todos os custos, IVE incluído, segundo o previsto no artigo 64 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

Ademais, de conformidade co disposto no artigo 41 do REGULAMENTO (UE) Nº 2021/1139, de 7 de xullo, polo que se establece o FEMPA, dado que o beneficiario da operación é un organismo público, a porcentaxe do investimento elixible é do 100% e, en aplicación do seu artigo 40, a porcentaxe de cofinanciación polo FEMPA é do 70 %.

QUINTO:

Á Consellería do Mar correspóndelle a realización de accións de promoción dos produtos da pesca e da acuicultura, así como a realización de accións que fomenten a competitividade das empresas; por isto é consciente de que a capacitación para adirección, a internacionalización empresarial, a mellora da calidade alimentaria e a procura da innovación son fundamentais para avanzar na mellora da comercialización.

SEXTO:

Que a Consellería do Mar e o Clusaga están interesados na mellora da competitividade das empresas do sector, a fin de manter o liderado de Galicia como potencia acuícola, e no reforzo da importancia da cadea mar-industria en Galicia, como instrumento con efecto multiplicador a nivel social e económico no ámbito local.

SÉTIMO:

Que as partes anteriormente referenciadas, consideran de mutuo interese a realización dunha serie de accións que redunden nunha mellora do sector acuícola e das industrias relacionadas en materias tales como xestión eficiente, toma de decisións estratéxicas,



internacionalización, calidade e seguridade alimentaria.

OITAVO:

Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.

En virtude disto, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA) para a coordinación de accións que redunden na mellora competitiva no sector mar-alimentario. O programa de accións específicas que se van a realizar derivadas deste obxecto divídese en catro programas :

1. Programa de Especialización en Marketing e Internacionalización

Un programa de formación para o curso 2026 que combina 120 horas de aprendizaxe presencial, con 70 horas de formación grupal distribuídas en 14 sesións de 5 horas, e 50 horas de titorías personalizadas para elaborar e validar un plan internacional propio. Estrutúrase en tres bloques: Internacionalización (35 h) con catro módulos centrados en tendencias, diagnóstico, análise de mercados e plan de negocio; Marketing (30 h) con módulos de marca, comunicación, vendas e marketing internacional; e Financeiro (5 h) dedicado a medios de pago, riscos e instrumentos de apoio.

2. Programa Competemar Internacional

Un programa integral de servizos que combina formación, información e prospección para orientar ás empresas cara mercados estratéxicos. Inclúe un programa formativo con píldoras temáticas, coaching individualizado (5 h por empresa) e un paquete completo de ferramentas para definir a estratexia de internacionalización. A



implementación realízase in situ mediante misións comerciais directas aos mercados seleccionados, apoiadas por estudos e análises de tendencias internacionais

3. Internacional. Misións Comerciais Directas

Dúas misións comerciais directas ao longo do ano 2026, orientadas á prospección de mercados estratéxicos mediante visitas profesionais, axendas de reunións, participación en feiras e presentacións de produto. Inclúen cheques de viaxe, axendas individuais e grupais, e actividades de análise de mercado nos destinos seleccionados, integrándose dentro da metodoloxía por fases do Programa de Internacionalización.

4. Taste the Sea – Gastronomía

Evento profesional anual que combina showcooking con chefs recoñecidos, degustación de produtos galegos do mar, maridaxes e espazos de networking dirixidos a compradores, distribuidores, importadores e prescritores internacionais. O programa complétase con visitas profesionais e reunións B2B, así como accións de promoción e visibilidade mediante material promocional e comunicación orientada ao posicionamento internacional dos produtos galegos do mar.

5. Misión Comercial Inversa (MCI)

Unha misión de tres días na que participan 6 compradores internacionais, seleccionados entre os mercados implicados nas accións do ano anterior. A misión inclúe visitas a empresas e instalacións produtivas, encontros B2B, networking e presentacións profesionais, coa finalidade de fortalecer relacións comerciais, impulsar novas canles de exportación e reforzar o posicionamento do sector galego nos mercados obxectivo.

6. Difusión e comunicación Competemar

Este apartado céntrase en potenciar a visibilidade e o recoñecemento do programa Competemar a través de estratexias de comunicación efectivas, campañas de difusión e eventos que conecten ás empresas galegas do sector mar-alimentario cos programas, garantindo así unha maior proxección e impacto.

Indicadores

Ao final do documento incorporárase unha táboa de indicadores clave correspondente a cada un dos cinco programas.



SEGUNDA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS.

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar á Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA) polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, cifradas na cantidade máxima de noventa e dous mil setecentos cincuenta euros (92.750,00€) con cargo a aplicación orzamentaria 16.02.723B 640.0, código de proxecto 2023 00197 S, da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse, pola súa propia natureza, como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

Para a realización das accións obxecto deste convenio, a Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA) contribuirá cun máximo noventa e dous mil setecentos cincuenta euros (92.750,00€), achega á que se poderán asignar custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento, etc.) que a entidade empregue no desenvolvemento das accións contempladas na cláusula primeira e responsabilizarse de organizalas na súa totalidade, en estreita colaboración coa Consellería do Mar.

De conformidade ao establecido no artigo 54. b) do Regulamento 2021/1060 pola que se establecen as disposicións comúns ao FEDER, FS+ FC, FTJ e FEMPA, serán elixibles os custes indirectos nos que incorra a entidade na súa execución ata un máximo do 15 % dos custes directos de persoal que se xustifiquen con cargo ao convenio.

No caso de que a execución das actividades contempladas na cláusula primeira e realizadas no marco deste convenio de colaboración non supoñan o gasto da cantidade máxima prevista nos parágrafos anteriores, cada unha das partes asinantes deberán asumir o 50% dos gastos nos que efectivamente se incorran, coa excepción de que a comisión de seguimento creada na cláusula quinta emita outro ditame.

A tramitación do presente convenio é ordinaria, e existe crédito suficiente previsto na Ley



4/2025, de 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

As actuacións recollidas no presente convenio (Anexo A) son financiáveis, nun 70 %, con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). Faise constar tamén a elixibilidade das actuacións que se pretenden a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMPA: 2.2.2. Mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas. Feiras, prevista no artigo 26 Regulamento (UE) 2021/1139. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

A Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA) empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

Poderanse facer pagos parciais contra da presentación das facturas polos investimentos inmateriais realizados, ás que se xuntarán as memorias de cada actividade e as certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración, que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa Administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, para estes efectos.

Para facer efectivo o último pagamento presentarán a memoria final á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.

TERCEIRA.- OBRIGAS

A Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA) obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.

No marco do presente convenio, a Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA) obrígase a facer constar a participación da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.

Finalmente, e antes do 01 de Decembro, presentará diante da Consellería do Mar unha



memoria descriptiva da realización do obxecto do convenio; así como unha conta de resultados en relación á finalidade do convenio, que abrangan todos os gastos e ingresos nos que se incorreu na organización das accións obxecto do convenio.

Ademais, deberá achegar xustificantes dos gastos realizados, que consistirán, de forma xeral, nas facturas desagregadas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou servizo) e nóminas, detallados ao máximo posible. Así mesmo, deberá presentar xustificantes de pago referidos ás facturas e demais xustificantes de gastos achegados. Os xustificantes bancarios deberán indicar o número de factura ou facturas pagadas no caso de transferencias, así como o beneficiario, importe, emisor e data, entre outros, de tal xeito que se poida asegurar a rastrexabilidade da operación xustificada.

CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo a Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA) responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.

QUINTA.- SEGUIMIENTO

Aos efectos de coidar do cumprimento do estipulado no presente convenio créase unha comisión de seguimento do mesmo, que estará composta pola persoa titular da Subdirección Xeral de Valorización dos Produtos do Mar, ou persoa en quen delegue, en representación da Consellería do Mar, e polo representante da Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA). A dita comisión, que se xuntará a petición decalquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

Neste senso, a Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA) atenderá ás indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen dende a Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio.

Será necesario que durante a execución das diferentes actividades a Consellería do Mar



dispoña de toda a información dos eventos e que dea o seu visto e prace antes da súa realización.

SEXTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase dende a súa sinatura e ata o 01 de decembro de 2026, non sendo susceptible de prórroga.

SÉTIMA- RESOLUCIÓN

Serán causa de resolución do convenio as legalmente previstas, o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

OITAVA.- CARACTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

A tramitación do presente convenio é ordinaria, e existe crédito suficiente previsto na Ley 4/2025, de 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

NOVENA.- LITIXIOS

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán solventarse pola comisión de seguimento a que se refire a cláusula quinta. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativa.

DÉCIMA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e



25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio, no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Consellería do Mar

Pola Asociación Clúster Alimentario de
Galicia (CLUSAGA)

A conselleira

O presidente

Marta Villaverde Acuña

Andrés Rodríguez Gómez



Anexo A: Orzamento das actividades do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA) para a mellora competitiva das empresas do mar no ano 2026

CONCEPTO	Importe total	Achega Consellería	Achega Clusaga
Programa de Especialización en Marketing e Internacionalización			
Subtotal	40.500,00 €	23.500,00 €	17.000,00 €
Programas Competemar Internacional e Misións Comerciais Directas			
Subtotal	68.500,00 €	35.000,00 €	33.500,00 €
Programa Tastethesea			
Subtotal	39.500,00 €	13.000,00 €	26.500,00 €
Misións Inversas			
Subtotal	27.000,00 €	16.250,00 €	10.750,00 €
Difusión e comunicación Competemar			
Subtotal	10.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €
Total Convenio	185.500,00 €	92.750,00 €	92.750,00 €

Os importes son con IVE incluído.



Anexo B. Taboas de indicadores das actividades do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA) para a mellora competitiva das empresas do mar no ano 2026

INDICADORES DE EXECUCION 2026

Indicador	Obxectivo a acadar	Sistema de cálculo
Nº de empresas participantes no programa formativo de especialización	≥ 20 alumnos	Reconto de alumnos asistentes nas sesións formativas (80 % horas)
Nº de horas de formación impartidas	70 h grupais + 50 h titorías	Suma das horas impartidas en cada sesión e titoría
Nº de sesións formativas realizadas	14 sesións	Reconto de sesións executadas segundo calendario
Nº de inscritos no Programa Competemar Internacional	≥ 25 empresas	Reconto de asistencia rexistradas nas pildoras formativas e nos webinar de mercado
Nº de empresas con plan de internacionalización elaborado	≥ 10 empresas	Plans entregados e validados polos mentores
Nº de informes de mercado elaborados	2 informes	Número de informes finalizados e difundidos
Nº de webinar informativos realizados	≥ 5 webinar	Reconto de webinar celebrados por mercado
Nº de misións comerciais directas organizadas	2 misións anuais	Execución da misión + informe de actividade
Nº de empresas participantes en misións	≥ 10 empresas	Participación real por convocatoria
Nº de cheques de internacionalización concedidos	ata 10 cheques	Total de axudas outorgadas ás empresas
Nº de eventos Taste the Sea realizados	≥ 1 edición anual	Execución do evento en destino
Nº de participantes internacionais no evento taste the Sea	≥ 50 participantes	Reconto de inscritos no evento
Nº de compradores internacionais invitados á misión inversa	6 compradores	Reconto de participantes seleccionados
Nº de empresas galegas participantes na misión inversa	≥ 20 empresas	Rexistro de asistentes ás actividades B2B
Nº de reunións B2B realizadas (directas + inversas)	≥ 115 reunións	Reconto total das axendas comerciais



INDICADORES DE RESULTADO 2026

Indicador	Obxectivo a acadar	Sistema de cálculo
Incremento da capacidade de internacionalización das empresas	≥ 80% das empresas declaran mellora	Enquisa final a participantes
Nº de novos contactos comerciais xerados	≥ 150 contactos totais	Suma dos contactos das misións + eventos
Nº de oportunidades comerciais identificadas en misións	≥ 60 oportunidades	Rexistro das empresas participantes
Nivel de satisfacción das empresas co programa	≥ 4,5/5	Cuestionario de satisfacción
Incremento da presenza en mercados internacionais	≥ 10 empresas con novas accións	Seguimento 3–6 meses tras o programa
Participación en eventos internacionais	≥ 2 eventos con empresas galegas paralelos ás misións	Reconto de participación mediante o programa
Impacto promocional do evento Taste the Sea	≥ 4,5/5	Valoración dos invitados
Nº de oportunidades identificadas Taste the Sea	≥ 20 oportunidades	Formulario de solicitude de catálogo completado
Reforzo da imaxe de Galicia como orixe de calidade	Evidencia en medios e prescriptores ≥ 10 impactos	Seguimento de aparicións
Consolidación de redes internacionais	≥ 4 acordos con entidades en destino	Acordos de colaboración asinados
Proxectos ou acordos comerciais derivados	≥ 10 acordos	Declaración das empresas asistentes. Seguimento 3–6 meses tras o programa

